



TODAS AS ESPECIALIDADES INSTRUMENTAIS

(agás canto e instrumentos da música tradicional e popular)

CONCERTO FIN DE CARREIRA

- A duración do programa presentado deberá ser de alomenos 60 minutos.
- Agás na especialidade de guitarra, o alumno poderá incluír no seu programa obras de música de cámara sempre que estas non superen o 30 % do tempo total do concerto (ata o 40% na especialidade de piano). Para a interpretación destas obras o alumno deberá achegar ós seus propios instrumentistas acompañantes.
- Se o alumno require dalgún dos profesores da especialidade correspondente, a través da xefatura de departamento respectiva, orientación sobre a preparación e o desenvolvemento do concerto , deberá xuntar á solicitude da titoría o programa do concerto con alomenos dous meses de antelación á posible data do concerto, para valoración deste.
- O alumno deberá facilitar copias das partituras correspondentes ó seu programa coa suficiente antelación.
- O tribunal nomeado valorará a dificultade técnica e o nivel artístico do programa presentado e a calidade interpretativa do alumno.
- Os aspirantes que queiran preparar o concerto cos pianistas acompañantes do centro, terán que facilitarlles as partituras e comunicarlles o repertorio cunha antelación de tres meses respecto á data do concerto. Os ensaios comezarán un mes antes da data do concerto.

Consultade os anexos para especificacións dalgunhas especialidades



TODAS AS ESPECIALIDADES INSTRUMENTAIS

(agás canto e instrumentos da música tradicional e popular)

CONCERTO FIN DE CARREIRA

ANEXO 1: ESPECIALIDADE DE GUITARRA

- As obras a interpretar serán de alomenos tres estilos diferentes
- No concerto interpretaranse dúas obras do seguinte listado

J. S. BACH:	Suites para laud nº 1, 2, 3, 4. Preludio Fuga e Allegro BWV 998 Chacona en re menor Transcricións de Sonatas e Partitas para violín
F. SOR:	Gran solo Op. 14 Fantasía Op. 7 Sonatas Op. 22 e 25.
D. AGUADO:	Introducción e Rondó Nº 2 en La menor
M. GIULIANI:	Rosinianas Gran Obertura
G. REGONDI:	Reverie Op. 19 Introducción e Capricho Op. 50
J. K. MERTZ:	Fantasía húngara Elegía
A. BARRIOS:	Sueño en la Floresta
F. M. TORROBA:	Sonatina en La Mayor
M. M. PONCE:	Sonatas: Nº 3, Romántica, Clásica
M. C. TEDESCO:	Capricho diabólico Sonata Op. 77
J. TURINA:	Sonata Op. 61
F. MOMPOU:	Suite Compostelana
A. JOSE MARTÍNEZ:	Sonata
B. BRITTEN:	Nocturnal
A. GINASTERA:	Sonata Op. 47
J. RODRIGO:	Sonata Giocosa Tres Pezas españolas Invocación e Danza.
W. WALTON:	Bagatelles
L. BROUWER:	Sonata El decamerón negro
W. W HENZE:	Drei Tentos Royal Winter Music
S. ASSAD:	Aquarelle

Ou outras obras de características similares aceptadas polo tribunal.



TODAS AS ESPECIALIDADES INSTRUMENTAIS

(agás canto e instrumentos da música tradicional e popular)

CONCERTO FIN DE CARREIRA

ANEXO 2: ESPECIALIDADE DE PERCUSIÓN

- O programa incluírá obras para diferentes instrumentos e alomenos 1 e máximo 2 obras de Cámara (no reducións de orquestra).
- Valorarase a variedade de instrumentos

ANEXO 3: ESPECIALIDADE DE PIANO

- O programa será interpretado de memoria, excepto cámara, que será optativo. Admítese partitura nas obras de música contemporánea a partir de 1945.
- As obras a interpretar serán de diferentes estilos e épocas
- Non se admitirán concertos con redución para piano e solista.

ANEXO 4: ESPECIALIDADE DE VENTO-MADEIRA

- As obras presentadas no programa deben ser orixinais (non se aceptarán transcripcións nin fotocopias) e estar publicadas no momento do concerto.
- Valorarase a interpretación (parcial ou total) de memoria do programa.

ANEXO 5: ESPECIALIDADES DE VENTO-METAL

- As obras a interpretar serán de diferentes estilos e épocas
- No concerto interpretarase unha obra obrigada, do seguinte listado, segundo a especialidade

ESPECIALIDADE DE TROMPA

Concerto Op. 91 para trompa e orquestra de R. Gliere

ESPECIALIDADE DE TROMPETA

Concerto para trompeta e orquestra en Mib de Haydn

ESPECIALIDADE DE TROMBÓN

TROMBÓN TENOR: Concerto para trombón e orquestra de H. Tomasi

TROMBÓN BAIXO: Concerto para tuba ou trombón baixo de V. Williams

ESPECIALIDADE DE TUBA

TUBA: Tuba concerto de V. Williams

BOMBARDINO: Euphonium concerto de Vladimir Cosma